

Besteiro, a estética da memoria. Entrevista a Xosé María Besteiro

María Sonia Cruz Pérez¹



Xosé María Besteiro, nado en Riotorto en 1963, é un destacado xornalista, escritor e produtor galego. Cunha carreira vasta e diversa, Besteiro deixou a súa marca no mundo da televisión tanto en España como a nivel internacional. Licenciado en Ciencias da Comunicación e cun mestrado en Administración e Produción de radio e televisión pola Universidade de Boston, Besteiro combinou a súa formación académica coa paixón pola media para acadar éxitos significativos.

Desde a serena aldea de Riotorto ata os palcos máis destacados da televisión internacional, Xosé Besteiro traza un camiño marcado pola paixón, a tradición e unha constante sede de innovación. Hoxe, cun talento consolidado como produtor e escritor, sobresaí coma unha alma que segue latexando ao ritmo de Galicia.

Estamos en Madrid, no barrio de Argüelles, lugar emblemático que combina historia e modernidade, perfecto para reflexionar sobre o traballo creativo e a traxectoria dun profesional como Xosé María Besteiro

—Din que os primeiros anos da nosa vida son como raíces profundas que nos alimentan e nos sosteñen ao longo do noso camiño. A túa infancia en Riotorto debeu ser unha desas fontes inesgotables de inspiración. Como cres que esa vivencia influíu na túa forma de entender o mundo e na túa traxectoria persoal e profesional?

Riotorto está profundamente ligado á miña identidade. Podería dicir, sen esaxerar, que son moi de Riotorto, moi de Miranda, ese territorio ao que Álvaro Cunqueiro dedicou tantas

¹ Universidade de Vigo / Universidad Complutense de Madrid, Centro de Estudos Galegos.
Correo-e: mariascr@ucm.es.

palabras fermosas. É un lugar que non só me define, senón que me marcou en todos os aspectos da miña vida. Sinto que nacín nunha especie de Idade Media. Medrar nunha aldea configurou profundamente a miña forma de ver e entender o mundo. Naquela época, a electricidade estaba comezando a instalarse, pero a televisión aínda non formaba parte das nosas vidas. Podería dicir que un dos grandes acontecementos da miña vida foi a chegada da televisión aos fogares. Nese contexto, a vida tiña outro ritmo, outro significado, algo que aínda hoxe me acompaña. A felicidade non dependía das cousas materiais, porque moitas delas simplemente non estaban dispoñibles. Pero ese recordo dunha felicidade sinxela e comunitaria segue moi presente en min. Hai algo que teño moi claro: a pesar da pobreza que había, igual que en toda España nos anos 60, a xente era inmensamente feliz. Existía tamén un sentimento moi forte de comunidade. Aínda se colaboraba nos traballos do campo. Meu pai tiña unha granxa e meu avó era xamoneiro. No lugar onde nacín, convivíamos uns 12 veciños, todos coñecidos e queridos, coma se fôsemos unha gran familia. Ese sentimento de comunidade marcoume profundamente. Hoxe vivo nun edificio, nunha comunidade de veciños, onde seguramente somos tantos como naquela pequena aldea. E, ás veces, preguntome: somos máis felices que antes? Para min, a resposta sempre volve á lembranza da infancia, porque o sentimento de felicidade que teño asociado a aqueles tempos é único e especial. É algo que gardo con moito agrado.

—Tes algún recordo ou experiencia que influíse especialmente nas túas historias?

Sen dúbida, a miña infancia en Riotorto estivo marcada polos meus primeiros encontros coa creatividade. Hai un sentimento que recordo con claridade, unha creatividade moi primitiva, que xurdiu cando estaba debuxando na ventá da cociña. Tiña un papel de calcar para facer o mapa do mundo que me encargara o mestre, e mentres tanto, ao fondo, estaban pastando as vacas. Por primeira vez pensei, “E se lle puxese o mapamundi no lombo dunha vaca?” Así naceu a idea, e mesmo lle inventei un nome: *A vacamundi*.

A partir de aí comecei a explorar ese mundo da imaxinación, que máis tarde me levaría á literatura e a outros ámbitos creativos. Ese foi o meu primeiro pensamento creativo, o primeiro que lembro con claridade. De xeito claro, son dous os sentimentos que teño máis gravados:

por unha banda, o da comunidade feliz da miña infancia; e, por outra banda, o da primeira experiencia creativa que vivín. Hai unha frase que me gusta moito e que resume ben esta idea, “Somos fillos dos nosos pais, pero tamén do tempo no que vivimos e do entorno que compartimos”.

—Na túa madurez profesional esas experiencias, aínda que non se reflectan de maneira directa, están presentes dalgún modo na túa creatividade e nas túas producións?

Si, están máis presentes nos meus libros, porque a televisión fíxena dun xeito máis industrial. Na literatura estou eu, completamente. Porén, hai unha serie que inevitablemente reflicte a miña vida e a miña infancia, *Libro de familia*. É unha homenaxe aos meus pais e naceu, basicamente, do desexo de crear algo semellante a *Días de radio* (1987) de Woody Allen. Sempre sentín que quería facer unha serie sobre a miña infancia e render homenaxe aos meus pais e á súa xeración, que considero marabillosa. Nesa obra estou eu por completo, e o deseño que fixen é case un trasunto da miña familia. Os meus pais están aí, o meu avó tamén, e aínda que na realidade el tocaba a gaita, na serie tocaba a harmónica porque era máis sinxelo. Tamén aparece a miña irmá maior, que era mestra, e incluso pequenos detalles que non se podían disimular. Por exemplo, o protagonista ten un fillo, algo que se conecta directamente coa miña realidade, e tamén aparecen unha familia de indios claramente inspirada na miña propia familia emigrada a Cuba. A base da serie é a miña vida. A partir de aí, o proxecto foise enriquecendo coa colaboración de 12 guionistas, entre eles Rosa Castro, unha guionista marabillosa. Cada un deles incorporou as súas propias historias familiares, pero a esencia, o núcleo, segue sendo a miña experiencia. Fóra desta serie, o resto das cousas que fixen para televisión responden máis a un deseño “de enxeñeiro”, pensado para funcionar ou satisfacer as demandas do espectador. En resumo, na televisión, salvo nesa serie, o meu mundo non está reflectido. Nos meus libros, porén, aí si que aparece claramente o meu universo persoal.

—Buscas transmitir ou deixar algún tipo de pegada da cultura galega nas túas creacións, mesmo cando traballas en proxectos máis comerciais? Parece claro que hai un peso importante da túa identidade galega no que fas, algo que pode diferenciarte doutras persoas doutras zonas. Cres que é difícil

afastarte completamente diso ou sentes que, inevitablemente, sempre hai algún reflexo desa identidade nas túas obras?

Eu defínome como un aldeán global. É inevitable que a parte galega e a influencia da miña familia estean presentes no que fago, pero tamén me considero unha persoa tremendamente adaptable e flexible. Por suposto, certos trazos culturais ou emocionais poden aparecer de forma involuntaria nas miñas creacións, pero nunca teño unha intención deliberada de incluílos. Cando transmito algo, prefiro que sexa auténtico, mesmo que non sexa necesariamente positivo. Na literatura, creo firmemente que non se pode impostar nada; hai que ser fiel á verdade, sen egoísmos. Traballar desde a sinceridade é o que realmente define o proceso creativo. No caso da televisión, ese control resulta moito máis difícil porque é un traballo colectivo, no que participan decenas ou incluso centos de persoas. Nun equipo grande, como o dun grupo de guionistas ou técnicos que producen unha serie, todo acaba impregnándose de todo. Os guionistas teñen moito peso, pero unha directora pode cambiar un guión cando dirixe, polo que o proceso convértese nunha suma de talentos diversos. É unha dinámica na que te dilúes, e por iso é máis complicado manter un reflexo persoal consistente. Con todo, a clave para min sempre foi rodearme de xente mellor ca min, persoas que achegan calidade e enriquecen o proxecto. Sempre tiveron claro que colaborar cos mellores talentos posibles fai que a obra sexa máis completa e de maior calidade. Non teño ningún problema en admitir iso, porque considero que rodearte de grandes profesionais só pode mellorar o resultado final. Esa curiosidade por conectar con xente distinta é algo que considero un agasallo da miña infancia en Riotorto. Tamén creo que ese sentimento de comunidade e empatía reflíctese na miña obra, especialmente na miña literatura. As vivencias e relacións están aí, aínda que non sempre de forma explícita.

—Sei que Álvaro Cunqueiro é unha figura importante para ti. Poderías compartir como influíu na túa vida e no teu proceso creativo?

Cunqueiro foi unha figura fundamental na miña infancia, aínda que nunca cheguei a coñecelo persoalmente. A miña conexión con el vén da relación familiar: a irmá do meu avó, Cándida, estaba casada con Moirón, o primo máis íntimo e querido de Cunqueiro. Por esta razón, el viña con frecuencia desde Mondoñedo a Riotorto para pasar as festas e vacacións. Este costume

mantívose desde principios do século XX, especialmente durante unha epidemia, ata os anos 60. Eu nacín en 1963, polo que non o vin nunca, aínda que quizais coincidimos algunha vez sen que eu fose consciente diso. Con todo, a súa presenza estaba moi marcada na nosa casa. Líamos o xornal e Cunqueiro aparecía constantemente recibindo premios ou recoñecementos, converténdose para min nun verdadeiro mito. Dende neno, sempre me sentín atraído polos personaxes literarios e os mitos, algo que tamén me ocorría con figuras como Salvador Dalí. O primeiro libro que lembro ler conscientemente foi *Merlín e familia*. Descubríno na casa dos meus tíos, os de Moirón, e foi como un milagre. A emoción que sentín foi inmensa, sobre todo ao atopar conexións tan próximas coa miña vida. Recordo que, de pequeno, na casa usabamos mantas de zamoranas coas que miña nai me arroupaba mentres cantaba. E, ao ler o libro, descubrín que Felipe de Amancia, o protagonista, tamén usaba esa mesma manta. Foi un momento máxico. Saín correndo para dicirlló á miña nai, “Mamá, o protagonista do libro de Cunqueiro ten a mesma manta ca nós!” Ademais, moitos dos espazos que eu coñecía, como Riotorto, aparecían no libro, o que fixo que todo resultase aínda máis máxico. Foi un verdadeiro *flash* que marcou un antes e un despois na miña vida. Inspirado por ese sentimento, escribín un conto que gañou un premio da Deputación de Lugo, aínda que apenas lembro de que trataba. Era unha mestura do que lía nos cómics e do universo de Cunqueiro. Sen dúbida, el foi o meu primeiro gran mito literario. Máis tarde, chegaron outras influencias que tamén me marcaron profundamente. Descubríno a Francisco Umbral aos 15 anos e a Woody Allen aos 20. Cada un deixou unha pegada diferente en min: Cunqueiro pola súa aposta pola literatura imaxinativa, Umbral polo seu uso exquisito da linguaxe, e Woody Allen polo seu humor xudeu, que admiro profundamente. Aínda que ao longo da miña vida houbo moitos outros autores marabillosos, estes tres son as miñas grandes fontes. Son os que máis influíron no meu xeito de escribir e de entender a creación literaria.

—A túa obra, e mesmo a túa xuventude, parecen estar impregnadas dese realismo máxico que mencionas. Como o integras na túa narrativa e no teu proceso creativo?

Creo que o realismo máxico é algo que me vén de forma natural. Cunqueiro foi un pioneiro nesta corrente, e o que me fascina del é a súa capacidade para transformar o cotián en

algo extraordinario, sen necesidade de grandes artificios. Inspiroume moito esa maneira de enxergar a realidade e atopar nela elementos máxicos que parecen estar agochados. No meu caso, tento que ese realismo máxico xurda da verdade, da experiencia vivida. Por exemplo, a miña infancia en Riotorto estaba chea de momentos que, vistos desde fóra, poderían parecer máxicos. Situacións aparentemente sinxelas, como o xeito en que falaban os veciños ou a conexión coa natureza, tiñan unha maxia que hoxe tento plasmar na miña obra. Para min, a literatura é unha ferramenta para capturar esa maxia e facela visible para os demais. Non se trata de inventar, senón de reinterpretar a realidade con ollos curiosos e sensibilidade.

—Respecto a *Un hombre que se parecía a Cunqueiro*, describíches o libro como un híbrido entre ensaio, biografía e memorias, algo que ti defines como “bioficción”. Segundo o que me contas, desde neno quedaches impregnado dese estilo, o que fai pensar na túa facilidade para moverte entre o realismo máxico e o real fantástico. Dirías que este enfoque é algo natural para ti, aínda que quizais non o sexa para todo o mundo?

Si, xa nacín con iso. Hai dúas cuestións importantes. A primeira é que cómpre reivindicar que Cunqueiro, moitos anos antes de García Márquez, puxo de moda e mesmo inventou o seu propio realismo máxico. Ademais, foi o propio García Márquez quen pediu o Premio Nobel para Cunqueiro, algo que debería ser un motivo de orgullo nacional. E preguntome, como é posible que isto non o coñezan todos os nenos nas escolas? Como é posible que non se saiba a nivel nacional que un autor coma García Márquez, un Premio Nobel, falase algo así de Cunqueiro? É algo que debería estar moito máis presente na nosa cultura. A segunda cuestión ten que ver con como o realismo máxico é algo natural en determinados contextos. Por exemplo, o outro día estaba coa miña asistente e escoiteina falar en voz alta. De súpeto díxennlle: “Margarita, con quen estabas falando?”. E ela respondeu: “Coas sabas”. Pois iso é realismo máxico. Ese mesmo tipo de cousas vivinas na miña aldea, porque a xente tamén falaba así, tiña esa relación peculiar coa realidade. Claro que, para min, descubrir a García Márquez e obras como *Cien años de soledad* foi un impacto, pero ao mesmo tempo, cando lin a García Márquez, o seu estilo conectaba de forma directa con Cunqueiro. Non foi unha sorpresa para min, porque xa viña impregnado

desa tradición grazas ás miñas vivencias e ao que xa coñecía. Os meus compañeiros urbanos descubrían o estilo de García Márquez como algo completamente novo, mentres que para min xa formaba parte da miña realidade. Era algo que, sen sabelo, xa vivía desde pequeno grazas a Cunqueiro e á maneira de entender o mundo que herdamos na miña terra.

—Publicaches unha carta que revelaba un episodio pouco coñecido na vida de Cunqueiro. Como foi o proceso de decidir incluír algo tan persoal e que impacto cres que terá na percepción do autor?

Se es periodista, se es boa xente, tes que contar a verdade. Eu, como familiar, non tiña ningún interese en contar que estivera no cárcere, porque quizais non era algo positivo para a súa imaxe. Pero é que a persoa de Cunqueiro, o personaxe, o escritor, está moi por riba da realidade. Ter estado no cárcere, e ademais por razóns que non foron políticas, senón por motivos delituosos, non é unha honra. Porén, se teño esa información e documentación que o acredita, non podo mentir. Os libros deben escribirse desde a verdade. Se non estás disposto a facelo é mellor non escribilos, porque ao final, se non partes da verdade, ninguén te vai crer. E máis importante aínda, non te crerás a ti mesmo. A literatura, cando se enfronta á realidade, ten que ser honesta.

—Nunha entrevista para o xornal *O Progreso* mencionaches a frase: “Hai que soñar moito e ben as cousas para que logo ocorran”. Se miramos cara ao futuro, que soños pendentes che quedan por cumprir, tanto a nivel persoal como profesional? Hai algún que consideres especialmente importante?

Iso está relacionado, claro, con algo que aprendín na vida, “soñar ben para que as cousas sucedan” ten moito que ver coas proxeccións, como lles chaman agora. Jim Carrey explica isto moi ben cando fala da súa carreira, de como se proxectaba no que quería ser ata que conseguiu cumprir os seus obxectivos. A verdade é que cumprín moitos soños. Sempre pensei que, se tivese que morrer mañá, podería facelo tranquilo, porque non teño nada extremadamente importante ou grave pendente. Porén, é certo que, a día de hoxe, teño polo menos cinco libros por escribir e varias materias pendentes que seguramente me manterán ocupado durante os próximos dez anos. Eses son os soños que aínda me quedan por cumprir: os libros. O resto son desexos máis cotiáns, como que os meus

fillos teñan saúde, que a miña familia estea ben ou que o mundo mellore. Aínda que ese último depende menos de min. Hai unha frase de Pío Baroja que me gusta moito e que resume esta forma de pensar, “Non intentes salvar o mundo, trata de axudar a dúas ou tres persoas que teñas preto”. Creo que esa idea está moito máis próxima á filosofía que aplico á miña vida.

—O teu libro, *Francisco Umbral, manual de instrucciones*, destaca pola súa profundidade e claridade, dúas virtudes que tamén definían ao propio Umbral. Que te levou a embarcarte neste proxecto tan persoal e significativo

A idea xurdiu dunha especie de débeda pendente. Cando cheguei a Madrid tiven a enorme sorte de non só coñecelo e tratar con el, senón de que me apadriñase. Cal foi o milagre? Porque Umbral tiña fama de ser bastante arisco. Pois non sei o motivo, pero, por algunha razón estraña, convertínome nunha sorte de protexido seu. Para a maioría da xente, era como un monstro do Lago Ness, pero para min era Shrek. Máis alá do trato persoal, do cal estou moi orgulloso porque coñecelo foi unha honra, Umbral cambiou a miña adolescencia. Eu pensaba que seguiría a tradición familiar e acabaría sendo veterinario ou perito agrícola, pero nun momento dado descubrín que o que realmente quería era converterme en escritor ou, máis concretamente, en xornalista. Para min, naquela época, escribir era algo enorme, case inalcanzable. Ese cambio de perspectiva produciuse un día no que atopei un exemplar da revista *Sal y Pimienta*. Igual que estaba fascinado polos cómics, que compraba a diario grazas aos cartos que me daba o meu avó, aos 15 anos descubrín a Umbral. Nesa revista lin un artigo seu que me deixou completamente fascinado e marcou o comezo dun novo camiño para min. Foi como caer do cabalo, ao estilo de San Pablo. Fiquei tan impresionado que dixeran, “Quero ser isto”. Desde entón, lin todo o que publicara e todo o que estaba dispoñible naquela época, uns 14 ou 15 libros, moitos deles xa descatalogados. Anos despois, cheguei a Madrid co pretexto de facerlle unha entrevista. Recordo que o vin nun acto no Corte Inglés, onde presentaba *La bestia rosa*. Deixei alí o meu teléfono e algúns artigos que escribira sobre el no xornal *O Progreso* de Lugo. Para a miña sorpresa, en vez de ter que agardar un par de días para chamalo, foi el quen me chamou ao día seguinte. Non podía crelo. Non só lera o sobre cos meus artigos, senón que tamén

me convidou a xantar con el e coa súa muller. Grazas a esa relación, recibín moitas ensinanzas privadas, case a modo de titulares, frases súas moi certas que me axudaron a aprender o oficio de escribir. Foi unha experiencia que marcou unha etapa esencial na miña vida.

—Recomendarías ás novas xeracións algún referente contemporáneo onde poidan atopar a mesma inspiración que ti atopaches en figuras como Álvaro Cunqueiro, Francisco Umbral ou Woody Allen? Alguén que consideres clave para entender o presente e proxectar o futuro da cultura?.

Estou escribindo un libro titulado *Cosas que mis hijos y los tuyos deberían saber* e quizais remate por chamarse *Si quieres cambiar el mundo, haz la cama*. A idea xurdiu ao reflexionar sobre esta nova xeración e a miña relación cos meus fillos. Quixen crear algo que non só deixe consellos prácticos, senón tamén inquedanzas que os axuden a entender o mundo cambiante no que vivimos. Non quero impoñerlles nada, pero si transmitirles, do mesmo xeito que eu aprendín a través da lectura, a importancia de buscar respostas e cultivar a curiosidade. A inspiración inicial vén dun pai americano que escribiu unha carta ao seu fillo antes de marchar á universidade. Nela, daba consellos prácticos para a vida, como o valor de investir nunha boa cama en lugar de preocuparse polo aspecto da porta. Partindo desa idea, estou intentando escribir algo que recolla ensinanzas prácticas combinadas coa miña visión do mundo. Ademais, hai frases como a de Ferenc Puskas, “Agradezco a mi padre los consejos que nunca me dio”, ou as palabras de Scott Fitzgerald ás súas fillas, “Se queredes ter unha vida plena, non cometades os erros que eu cometín”. Estas reflexións resumen o espírito do que quero transmitir: ensinar sen sermóns e compartir experiencias que sirvan de guía. Penso que o contexto no que vivimos fai que isto sexa aínda máis relevante. Estamos nun momento de cambio radical, similar ao paso do paleolítico ao neolítico, onde internet e a intelixencia artificial transformaron por completo as nosas vidas. As dinámicas humanas están a ser redeseñadas por tecnoloxías que apenas entendemos. O mesmo ocorre co consumo, agora en Amazon podemos recibir produtos en cuestión de horas a prezos imposibles de competir. É un cambio tan profundo que a adaptación non resulta sinxela. Por iso, creo que a miña tarefa principal non é tanto dar respostas como crear inquedanzas e fomentar a curiosidade.

—Que consello nos darías, desde a túa experiencia, para preservar a autenticidade nunha sociedade cada vez máis dominada pola rapidez e as redes sociais?

Estiven reflexionando sobre unha idea que exploro nun ensaio titulado *Silicon Valley, o novo Vaticano*. Creo que estamos a suplantarmos a relixión tradicional —que, malia os seus problemas, incorporaba moitos valores— pola tecnoloxía, que se está convertendo nunha nova relixión. Por exemplo, o catolicismo ofrecía a idea dunha vida despois da morte, mentres que Silicon Valley, pola súa parte, vende a inmortalidade, algo que tamén aparece nos libros de Noah Harari. As redes sociais, usadas dun xeito testemuñal ou moderado, non son algo malo en si mesmas. A tecnoloxía ten vantaxes enormes, pero debemos limitar o seu uso. Se pasas todo o día enganado ás redes sociais, claramente hai un problema. Por iso, creo que é fundamental atopar un equilibrio: levar unha vida pausada e tranquila combinada cun uso imprescindible e responsable das

redes sociais. Ao final, é cuestión de sentido común, e isto aplícase tanto aos máis novos como aos adultos. É necesario restrinxir o uso excesivo para evitar que a tecnoloxía se converta nun vicio que substitúa as conexións e os valores humanos esenciais. Non estou aquí para dar consellos, pero, se usamos as redes sociais con moderación, xa seremos moito máis felices.

Coincido na importancia de ser cautos e atopar o equilibrio como clave para aproveitar o mellor das redes sociais sen sacrificar a nosa felicidade e esencia como persoas. Moitas grazas por compartir as túas reflexións e experiencias con tanta sinceridade e profundidade.

Foi un pracer escoitarte e aprender das túas ideas, que sen dúbida inspirarán a quen lea esta entrevista. Desexámosche o mellor nos teus proxectos futuros e esperamos seguir descubrindo moito máis da túa obra. Grazas de novo e ata pronto.